

Seminario de Estudos Galegos

Seizón de cenzas sociais, políticas i-económicas

EXPOSIZÓN

Presentada pol-a poñenza encargada de redactar

o

Anteproyeito de Estatuto da Galiza



Galiza, Maio do 1931.

MONTERREY 75-
Librería Anticuaria
de Galicia
G. Aranda, 14 - Tel. 233843
VIGO
15-11-67



F.17031

R.21585

Fondo Familia Martínez Morán (Org.)



2009 oct 2009

EXPOSIZÓN

Presentada pol-a poñenza encargada de redactar

Anteproyeito de Estatuto da Galiza



Galiza, Maio do 1931.

Ô SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS :

Os que suscriben, ô recibir o honroso mandado de constituir a Poñenza encargada de redactar un Anteproyeito d-Estatuto pra Galiza, crêron que seu mais principal deber era (a mais de precurar un artigoado tan amplo que dêse cabida as arelas de total-as minorías galegas, sin excluir as mais avanzadas) facer un estudo cabal do aspecto económico; pra non proceder ás cegas ô facer unha proposta que tan seriamente podería comprometer os intereses galegos. Pois decátanse de que non é iste intre o de xustificar a personalidade indiscutible das Rexións, nin xiquera o de lembrar que Galiza foi próspera i-europea antes de realizada a inxusta *uniformidade nazonal* que padecemos, e probe, atrasada e hastra vergoñante dimpois; senón o de saber si (aínda ca vagaxe grandemente gravosa que temos d-herdar d-unhos cantos séculos de centraísmo) o réximen de autonomía integral que propoñemos nos convén, ou non, e si nos pode ser concedido sin que resulte perxuizo pra ningunha das partes interesadas.

Coñecedora a Poñenza de que seu membro o Sr. Bóveda Iglesias levaba algún tempo adicado a istos estudos, confireulle o encárrago de preparar, tan aixinha como poidese, un resumen dos mesmos.

E hoxe comprácese en elevar ô coñocimento d-ise Seminario os frutos de tan traballosa laboura, que acepta e fai sua:

“Entende o que ten a grande honra de subscribir:

I

Que non tendo d-existir, na orgaizazón que propoñemos, aduanas inter-rexionaes, e reservándose ô Poder Céntral as facultás soberanas referentes a sistema de moedas, réximen aduaneiro, tratados, etc., pra decidir si o que propoñemos nos covén, non compre, como se poidera crêr, facer estadísticas nin estudos referentes ôs distintos factores financeiros determinativos da nosa balanza de pagos, senón que abonda con que se faga unha precura de datos que se refira sô ô aspecto fiscal: xa que se non trata de coñocer as posibilidás d-un Estado economicamente independente, senón da separazón, xusta, d-unhas obrigas e unhos recursos que hoxe son rexidos de maneira global, co consiguiente exceso de gastos de ademinstrazón.

Asegún iso: Tomando como base os resultados do ano 1.930 (que poderíamos confirmar cos de 1.926 a 1.929; i-escollemos os de 1930, porque, ademais de ser os derradeiros e pol-o tanto os que mais se aproximan a realidade, son tamén os menos favorabres pra Galiza, pois n-ise ano a recaudazón especialmente por Aduanas, desceu en algúns millóns e os gastos feitos pol-o Estado aumentáronse ca refundizón dos presupostos ordiario i-extraordiaro) resulta:

A)

Que as cantidades recaudadas pol-o Estado n-ise ano en Galiza (según os datos tirados das contas oficiais e comprobados pol-o que subscribe) son os que—co detalle por Oficiñas, pra que poidan ser revisados en calquer momento—compoñen o seguinte cadro:

CONCEITOS	Pontevedra	Vigo	Ourense	Lugo	A Cruña	Sant-Iago	TOTAES
Territorial.....	4.750.531	1.776.880	4.574.706	5.095.452	7.114.904	1.430.658	24.743.131
Industrial.....	1.145.418	1.379.337	989.068	1.018.231	3.199.581	557.846	8.273.983
Utilidades.....	867.436	1.335.202	593.208	485.195	3.224.073	361.959	6.867.073
Derechos reales.....	1.183.920	1.090.510	896.546	1.679.412	2.781.664	710.899	8.342.951
Minas.....	33.904	—	54.155	96.829	66.096	—	250.984
Consumos.....	—	—	—	—	3.642	—	3.642
Transportes terrestres.	43.288	33.188	40.160	71.088	79.934	56.086	323.744
Patente Automóviles.	541.566	415.138	322.954	458.693	889.282	150.869	2.778.502
Alumbrado.....	189.440	249.183	144.764	110.839	753.060	70.679	1.517.965
Propiedades } Rentas.	216.757	60.174	114.519	187.026	169.215	24.700	772.391
} Ventas.	5.735	10.263	6.227	91	15.939	105	38.360
Pagos del Estado...	120.461	44.796	64.424	86.927	311.887	19.540	648.035
Servicios explotados por la Admón.....	13.105	14.358	1.896	15.135	29.060	4.255	90.809
Cuotas militares.....	56.793	80.953	96.127	117.737	134.696	46.913	533.219
Demás conceptos....	194.693	45.374	139.993	315.474	661.000	29.965	1.386.499
Transportes por mar.	229.537	1.529.865	427	96.803	874.369	—	2.731.001
Alcoholes.....	149.974	56.592	161.260	54.108	41.383	3.392	466.709
Cerveza.....	—	61	—	—	—	—	61
Azúcar.....	2.192	690	—	—	—	—	2.882
Achicoria.....	—	—	—	—	58.386	—	58.386
Timbre (devoluciones)...	—	—	—	—	—	-1.655	-1.655
Aduanas.....	573.294	7.670.218	30.530	45.312	6.871.953	—	15.196.307
	10.323.044	15.792.782	8.243.964	9.934.352	27.280.124	3.466.211	75.040.477
Arbitrio conservación carreteras.....	42.220	—	28.405	14.974	13.801	13.100	112.500
Loterías.....	662.397	2.293.395	550.760	432.008	4.068.570	473.709	8.480.839
Caja Inspección.....	44.261	25.000 *	22.000 *	24.000 *	69.099	35.263	219.623
Comité Dchos. Rles..	6.301	5.000 *	4.700 *	9.000 *	13.430	3.005	41.436
Varios Cmtés. y Cajas.	—	135	128	—	10.921	12	11.196
Monopolio cerillas...	744.065	—	389.660	428.697	947.320	—	2.509.742
Recursos municipales.	362.119	440.872	243.746	337.815	1.139.947	157.445	2.681.944
	12.184.407	18.557.184	9.483.363	11.180.846	33.543.212	4.148.745	89.097.757
Monopolio Tabacos..							25.500.000
Timbre del Estado...							12.000.000
Monopolio Petróleos..							8.335.503
							134.933.260
							TOTAL XERAL, PTAS.....

NOTAS;

1.^a Por non dispôr de datos comprobados dêixanse de incluir os ingresos que corresponden a Galiza por: Teléfonos participazón nos benefizos do Banco d-España, tasa de rodaxe, Xuntas de portos e outros.

2.^a As cantidades que compoñen a primeira suma parcial obtivéronse totalizando, pra cada unha das oficiñas que encabezan as columnas do cadro, os resultados das cartas orixinaes de recaudazón dos 12 meses do ano, según estados-resumen que conservo; e as da segunda suma parcial, da mesma maneira, tomando como base: pra partida de recursos municipais, as contas de Tesoureiría, e pras demais partidas, as relacións d-ingresos e pagos de operacións do Tesouro.

3.^a As cifras globaes de Tabacos e Timbre proceden de engadir os resultados do ano 1.928, que son os derradeiros publicados pol-o "Anuario Estadístico" a cantidade prudenzal que, por baixo, correspondía, tendo en conta o aumento gradual observado no bienio 1926-28.

4.^a As 8.335.503 ptas. calculadas por Petróleos, estabrecendo unha proporzón entr-as cantidades presupuestadas e as recaudadas por iste concepto e por Patente Nazonal de automóviles. É casi seguro que se recadea mais, pro preferimos computar por baixo tamén.

* As así sinaladas calculáronse con pequenos erros, que casi non contan nos totaes.

B)

Que as pagadas en Galiza pol-o Estado, por toda crás d-atenzóns, según os datos que se obtiveron da mesma maneira, son istas outras:

CONCEITOS	Pontevedra	Vigo	Ourense	Lugo	A Cruña	Sant-Iago	TOTAES
Clases Pasivas.....	1.844.183	238.902	1.439.625	1.289.139	5.294.719	43.107	10.149.675
Presidencia (porteros y varios).....	137.466	250	63.831	66.077	195.546	8.200	470.870
Jticia. y Cto.) Oblig. c.	391.099	—	360.967	354.332	1.003.961	—	2.110.359
) id. e.	3.466.454	—	1.748.145	2.589.991	—	—	7.804.590
Ejército.....	1.549.101	1.499.883	1.044.841	1.371.907	13.332.543	1.565.468	20.363.743
Marina.....	1.787.213	1.333.190	—	—	15.942.788	—	19.062.191
Gobernación.....	3.431.689	609.839	1.065.504	1.133.842	5.315.311	567.435	12.123.620
Fomento.....	4.000.195	3.387.499	2.111.578	3.132.652	5.365.460	—	17.997.384
Instrucción P. ^{ca} y B. A.	4.021.442	114.415	3.814.146	2.899.832	4.772.237	1.082.548	16.704.620
Trabajo y Previsión..	44.247	94.867	26.655	26.481	63.173	1.451	256.874
Economía.....	73.767	—	49.813	57.878	226.262	—	407.720
Hacienda.....	360.619	331.074	388.466	371.758	664.618	95.438	2.211.973
Gastos contribuciones.	1.441.974	98.481	1.565.342	866.155	1.639.295	19.153	5.630.400
Participación Corp..	550.651	570.573	406.216	895.486	1.350.336	267.866	4.041.128
Acción Marruecos...	643	2.209	2.569	4.385	74.781	454	80.623
Oblig. a extinguir....	327.246	743	266.854	344.104	716.121	—	1.655.068
Deuda (reintegros)...	—	—	62	—	31	—	93
	23.427.989	8.276.007	14.354.490	15.404.019	55.957.120	3.651.120	121.070.745
Loterías.....	131.970	850.392	152.050	190.999	996.629	109.969	2.432.009
Caja Inspección.....	81.219	29.654	22.230	23.143	71.101	31.949	259.296
Monopolio cerillas...	3.944	—	4.999	1.625	4.829	—	15.397
Recursos Municipales.	359.047	427.513	191.036	288.543	1.066.128	135.995	2.468.262
	24.004.169	9.583.566	14.724.805	15.908.329	58.095.807	3.929.033	126.245.709

C)

Que si nos limitásemos a facer a comparanza dos totaes que arrojan as partidas que os dous anteriores cadros abranguen:

tiraríamos a concurción de que Galiza tería,	134.933.260
dend-o punto de vista fiscal, un saldo a seu favor	— 126.245.709
de, ptas.....	<u>8.687.551</u>

Poderíansenos decir; 1.º Que consideramos como ingresos nosos os de Aduanas, que non nos corresponden íntegramente, porque gran parte d-iles son devengados por importadores i-exportadores nin galegos nin residentes en Galiza; 2.º Que incruimos tamén os totaes de monopolios do Estado; e 3.º Que, ademais, deixamos de ter en conta atenzóns como: as Xerales do Estado (a extinta Casa Real, Corpos Colexisladores e Deuda pública), as do Ministerio de Estado (representazón diplomática e consuar), e as correspondentes a certos orgaismos e outros gastos centraes.

Nos poderíamos opoñer: Ô primeiro, que cecais o que n-outras aduanas pagan os artigos que nós consumimos, non recibidos directamente en Galiza, compense a cantidade que se nos disputa, e que a rebase, seguramente con moito, o perxuizo que do réximen proteitor recibe a nosa economía. E ô segundo e terceiro, que abonda ver as cifras gastadas por Guerra e Mariña pra se convencer aixiña de que por môr de ser a nosa unha Rexión mariñeira e fronteiriza veñen, tamén, recargadas considerablemente co que, por corresponder â necesidade de defensa do territorio—que non é sômentes o noso, senón o de tod-o Estado—corresponde, a outras Rexións.

Mais comprendemos que non abonda con iso, e como, ademais, non queremos argumentar con probabilidads, inda que presenten un grado moi grande de certidume, senón con cifras comprobadas que non ofrezan dúbidas nin ôs mais recelosos, manexemos as anteriormente obtidas, con arreglo o que propoñemos, pra ver si os resultados nos siguen sendo favorabres.

Teremos, pol-o tanto, que averiguar:

- a) A cánto subirán os medios fiscaes (ingresos tributarics) que pedimos que xe nos deixen;*
- b) Cánto custarán, tal como hoxe os ten atendidos o Estado, os servizos que asiñamos a Galicia; e,*
- c) Cánto tería que pagar Galicia ô Estado si os ingresos de carácter xeral que a iste lle quedan non chegase pra cubrir o importe das atenzóns, de carácter xeral, tamén, que terá que satisfacer:*

a)

O primeiro cadro permítenos outar a cánto subirían os ingresos que pra Galiza pedimos, que son (deducidos Aduanas, Timbre, Tabacos, os demais monopolios e cantos ingresos poidésemos considerar de carácter xeral) os seguintes:

Territorial	24.743.131
Industrial	8.273.988
Utilidás.....	6.867.073
Direitos Reás.....	8.342.951
Minas.....	250.984
Consumos.....	3.642
Transportes terrestres.....	323.744
Patente Nazoal	2.778.502
Alumbrado	1.517.965
Propiedás—Rentas (parte aplicable).....	500.000
Pagos do Estado (os $\frac{2}{3}$).....	432.025
Alcoholes.....	466.709
TOTAL.....	54.500.714

b)

O segundo (aparte das moitísimas enseñanzas que do mesmo se poden tirar, relazoadas ca maneira como o Estado administra os nosos intreses) permite determinar o importe das obrigas que propoñemos que Galiza administra de seu, que son:

Presidenza	470.870
Xustiza (obligas civís).....	2.110.359
Gobernazón (só Sanidade interior, Sanatorio de Oza e persoal a extinguir).....	300.000
Fomento.....	17.997.384
Instruzón P. ^{ca} e B. Artes.....	16.704.620
Traballo e Previsión.....	256.874
Economía.....	407.720
Facenda (excluindo Aduás).....	1.822.000
Gastos de contribuzóns (excluindo carabiñeiros).....	3.800.400
TOTAL.....	43.870.227

c)

Quédanos, agora, determinar o importe da aportazón que Galiza terá que facer pra cubrir o déficit do Estado, co fin d'estabrecer comparanza, e poder sentar as concrusións que correspondan.

Empecemos por averiguar a cánto sube ise déficit:

Tomamos pra iso como base o presuposto aprobado pra 1931, pois sendo o derradeiramente aprobado, i-estando calculados seus ingresos con vista dos outidos no ano anterior e sendo os seus gastos o resultado de refundir os dous presupostos ordiario y extraordinario, non cabe ningunha dúbida de que as suas cifras teñen de ser nosa pauta obrigada, por ser as que mais se axustan a realidade.

Era noso dexeso que iste traballo levase como anexos a copia exacta dos taes presupostos, pra que cada un os liverse mais a man e poidese mellor formar seu xuízo; mais viñeron as cousas tan aixiña, que non hay empo de facelo. Remitimos ô leitor â Gaceta do dia 6 de Xaneiro que os publica compretos, e seguiremos extrictamente o orden da mesma pra facilitarlle o seu estudo.

Olládoa, deducimos pro Estado os ingresos seguintes:

<u>Seizón 1.^a</u>	
Participazón nos benefizos do Banco de Hespaña..	26.000 000
Id. id. id. do Hipotecario	700.000
<u>Seizón 2.^a</u>	
Renda de Aduás.....	592.240.000
Imposto sobr-o Zucro.....	116.000.000
Id. sobr-a Achicoria.....	2.300.000
Portos francos de Canarias.....	13.500.000
Obvenzons dos Consuados.....	9.000.000
Timbre do Estado.....	379.000.000
Id. de ademisión de valores na Bolsa.....	50.000
Id. de pólvora i-explosivos.....	9 500.000
<u>Seizón 3.^a</u>	
Toda.....	974.295.000
<u>Seizón 4.^a</u>	
<i>Rendas:</i>	
Saliñas.....	1.650 000
Minas.....	10.500.000
Producto ademinstrazón fincas do Estado.....	916.000
Renda dos bens do Clero.....	16.000
Id. da Cruzada.....	1.670.000
Asiñazón empresas j. c. por gastos inspeizón.....	1.560.000
Reintegro gastos Depósitos Aduás.....	180.000
Renda dos bens dos Institutos.....	40.000
Reintegros d-anticipos as C. ^{ias} de ff. cc.....	15.000.000
Id. id. a particuares.....	90.000
Id. id. pra camiños veciñales.....	60.000
Id. id. por inundazóns 1.919.....	150.000
Entregas pra millora pensións	1.400.000
Reintegro d-anticipos o B. ^{co} Exterior.....	41.312.000
Vendas: Integro.....	1.080.000
<u>Seizón 5.^a</u>	
Toda.....	76.660.000
	<u>2.274.869.000</u>
Donativo do Clero e Monxas.....	1.350.000
Imposto de Grandezas e Tidôs.....	1.700.000
Id. de pagos do Estado (sô de os que lle quedan)	10.000.000
	<u>2.287.919.000</u>
Por ingresos correspondentes a todas as Rexións que se formaícen na Tesoureiría Central, ademitimos a cantidade que (xa pol-o baixo) calculou Ferreiro pra 1.925-26 (1).....	165.500.000
TOTAL XERAL.....	<u>2.453.419.000</u>

(1) Vêxase a páxina n.º 10 do seu traballo "Datos para un ensayo de Autonomía de Galicia", publicado pol-o Seminario no 1 928.

O importe das obrigas de carácter xeral que o Estado tería d-atender é (según a distribuzón que con arreglo a nosa proposta fixemos das que figuran no presuposto hespañol do mesmo ano 1.931, cuio orden de capitulos e artigos seguimos extrictamente pra que se poida xuzgar mellor de tal distribuzón) o que segue:

Conceitos		Cantidás parciaes	Totaes	Conceitos		Cantidás parciaes	Totaes
Capt.os	Artigos			Artigos	Capt.os		
Pra futura Presdza.		2.500.000		Suma anterior. . .			2.184.824.474
Cpos. Colexistres.		2.853.500		Instruzón			
Deuda (deducindo as comisiõs do Banco)		888.792.279	1.039.427.579	1.º	1.º ò 6.º	246.000	
Crases Pasivas. . .		145.281.800		2.º	1.º	110.000	
Presdza do Consello				3.º	2.º, 6.º e 9.º	178.000	
1.º	1.º ò 4.º	156.000		13.º	2.º	170.000	
"	5.º	2.500.000		14.º	2.º	268.000	
2.º	Todos	637.250		17.º e 18.º	Todos	3.164.000	
3.º, 4.º e 5.º	"	1.130.000		26.º	3.º	1.500.000	
6.º e 7.º	"	557.000		Pra persoal a extinguir.		2.100.000	7.736.600
8.º	"	4.338.500		Traballo			
9.º	"	43.500		1.º	1.º ò 4.º e 17.º	1.392.000	
12.º	"	5.000.000		2.º	1, 2.º, 8.º e 9.º	1.574.650	
13.º	"	6.000.000		4.º	5.º	1.010.000	
15.º	Uneco	50.000	20.412.250	5.º	7.º	8.622.774	
Estado				Pra persoal a extinguir		1.000.000	13.599.424
Total do mesmo. . .		20.254.579		Economia			
a deducir:				1.º e 2.º	Tdos. (a extg)	8.482.695	
2.º	1.º			9.º e 10.º	"	727.850	
4.º	8.º			12.º	"	509.000	
5.º	14.º	-815.000		14.º	4.º	500.000	10.219.545
"	18.º			Facenda			
"	23.º			1.º e 2.º	Pra todos	2.049.452	
8.º	Todo		19.439.579	5.º e 6.º	Todo	10.583	
G.ª e Xustiza				7.º	4.º	6.267.650	
1.º	Todos	1.091.000		10.º	Todo	3.200.000	
2.º	"	133.000		12.º	1.º ò 4.º	2.100.477	13.628.162
4.º	2.º	164.500		Gtos. contribuzõs			
"	6.º	8.000		5.º e 6.º	Todos	415.155	
6.º	4.º	1.500		7.º ò 11.º	"	5.009.967	
11.º ò 18.º	Todos	66.371.763	67.769.763	12.º, 13.º e 14.º	"	56.046.782	
Exército				19.º	2.º	25.000	
Todo.			459.328.694	20.º	Todo	722.000	
Marina				21.º e 23.º	"	9.640.000	
Todo.			252.297.626	24.º ò 27.º	"	30.718.364	
Gobernazón				23.º	Pra todo	100.000	
Total do mesmo. . .		291.698.291		34.º	id id.	2.000.000	104.677.268
a deducir:				Partpzm. Corp.ºns			
2.º	Todo			6.º	2.º	1.875.000	
3.º	2, 4 e sg.ºs			8.º	1.º ò 3.º	285.800.000	
4.º	menos 5.º			9.º	Uneco	115.000	287.790.000
7.º	" 7.º	-16.078.808		Aizón Marruecos. . .			219.638.798
8, 11, 13 e 14	Todo			Posesiõs.			4.898.894
16.º	4.º e sg.ºs			Obrigas a extinguir. . .			33.208.068
41.º e 45.º	Todo			TOTAL XERAL.			2.880.221.233
47.º	1.º		275.619.483	Si se levan a cabo as economias qu estàn anunciadas, e supoñendo, pra pecar por baixo, que a cifra das mesmas non pase do calculado pra Guerra.			-200.000.000
Fomento				Quedaràn a càrrego do Estado. . .			2.680.221.233
1.º e 2.º	Varios	2.500.000					
5.º	Uneco	510.000					
10.º	1.º	188.500					
12.º	Varios	4.000.000					
14.º	Todos	2.710.500					
17.º	2.º	600.000					
27.º	Uneco	20.500					
30.º	Varios	40.000.000	50.529.500				
Suma ò frente. . . .			2.184.824.474				

Compa-

rando agora os totaes que resultan (si se aceptan total as anteriores cifras, ás que me parece que non hay ren que opoñer) o déficit que as Rexións teñen que sufragar sube á cantidade de

	2.680.221.233
	-2.453.419.000
	<hr style="width: 100%;"/>
Ptas.....	226.802.233

Galiza ten que aportar, pra cubril-o, a parte que, xustamente, lle corresponda. Tratemos de buscar a maneira de outel-a. Cataluña propoñía no seu Estatuto (artigo 13): “. . . habrá de participar no abono indicado (refírese ó déficit) a base da proporzón en que Cataluña participe nos impostos. . .” Ferreiro no seu traballo referente ó ano 1.925-26 aceptou ista fórmula, mais con reparos. Nos aceptámola tamén, porque (inda que reconecemos que, pro futuro, o réximen de proporcioáilidade sobr-os ingresos non é xusto, pois non grava as rendas rexionaes) é o que con mais facilidade nos permite agora determiñar a aportazón galega. I-estamos sinceramente certos de que o adoutar iste procedemento constituie un argumento mais demostrativo de que ó outer os resultados en que basaremos as nosas concusións, si algunha vez nos apartamos do cálculo xusto, por non dispôr de medida exaíta, perxudicamos, de intento, a Galiza: xa que, si como base do reparto se tomasen as rendas rexionaes, seguramente que tería d-aportar en mais pequena proporzón que aquilas outras Rexións en que a renda dos capitaes e do traballo é môr, debido, en parte non pequena, ó tributo de consumidora que Galiza lles paga.

Mais, aceptada ista fórmula, está craro que Galiza—como as demais Rexións—tería de pagar: Unha parte que gardase cos ingresos que o Estado lle deixe a mesma relación que o déficit total que lle resulte ó Estado garde co total dos ingresos deixados a total-as Rexións.

Según isto:

Sendo o total do presuposto hespañol de ingresos pra 1.931, ptas.....	3.753.654.000
E o dos que lle asinamos ó Estado, como xeraes, ptas.....	<u>2.453.419.000</u>
Quedan pras Rexións.....	1.300.235.000

I-engadíndolle a cantidade que as Vascongadas e Navarra deben ingresar, ademais do que xa pagan, pol-os conceitos que teñen concertados (asegún a comparanza que, por baixo, fixemos co que pol-os mesmos ingresa Galiza) pois non é ademitibre que na futura estruturazón se conserven privilexios pra ninguén, ptas.....	<u>15.000.000</u>
Terían as Rexións, ptas.....	<u><u>1.315.235.000</u></u>

Galiza tería pol-o tanto de aportar:

<u>1.315.235.000</u>	<u>54.500.714</u>	
226.802.233	×	
×	<u>226.802.233 × 54.500.714</u>	= 9.398.231
	<u>1.315.235.000</u>	

E sumando ista aportazón co total das obrigas traspasadas pol-o Estado a Galiza, resultan:

43.870.227	Cantidade que, como se ve, é mais	54.500.714
<u>+ 9.398.231</u>	pequena que a cifra dos nosos ingresos,	<u>-53.268.458</u>
53.268.458	resultándonos un superavit de, ptas..	1.231.256

Creo que queda compridamente demostrado que Galiza sairía beneficiada; porque, ademais de que podería pagar a parte que lle correspondese pra cubrir o déficit do Estado, dimpois de cubertas todas as suas obrigas, disporía d-un sobranse que (agrandado gradualmente pol-a disminuzón da cantidade a pagar: por amortización dos gastos que agora herdamos, co caraiter de "a extinguir") lle permitiría aumentar, en ben da sua economía, a eficacia dos servizos; sin contar con que as economías que o réximen de descentraizazón permitiría facer nas obrigas que lle quedan ô Estado son moito mōres dos que se admitiron ô facer os cálculos.

Mais como algúns poderían facer unha ouxeizón que xa temos ouvido con referencia o traballo de Ferreiro, querēmonos anticipar a contestal-a. Din: Conformes en que Galiza podería facer frente cos ingresos que lle quedan as atenzóns que se descentraicen; mais, como moitas están insuficientemente atendidas, o sobranse que a Galiza lle resulte non abundaría pra incremental-as na proporzón qu-iles consideran precisa. Digamos, primeiramente, que o melloramento a que se aspire en todos os ordes ten de ser proporcioado â nosa capacidade, pra non caer e perigo de ruina públ-ca; e, dimpois, que si nós non podemos pretender o noso melloramento âs costas dos outros, o que o Estado poidese facer mellor o poderá facer Galiza de seu, pois o diñeiro preciso pras reformas (que en fin de contas haillo que pedir o contribuinte ou o creto públ-co) devecerá menos que si o zugan o multiplicidade de órgaos a que da vida o réximen de centraizazón.

E hai mais ainda: As cifras presupostadas pol-as Diputazóns e os Concellos galegos pros anos 1.927 e 1.928, respectivamente, segun resumen, formado cos deradeiros resultados publicados pol-o "Anuario Estadístico", son as que seguen:

	<u>Diputazóns (1.927)</u>	<u>Concellos (1.928)</u>
Pontevedra	2.693.736'76	11.407.271'—
Ourense.....	3.376.291'93	4.541.182'—
Lugo.....	2.347.049'74	4.931.187'—
A Cruña.....	4.987.704'71	13.840.064'—
	<u>13.404.783'14 ptas.</u>	<u>34.719.709'—</u>
		<u>13.404.783'14</u>
		<u>Ptas... 47.154.492'14</u>

Total que hoxe é, seguramente, moitísimo mōr, pois todos sabemos o aumento que istes presupostos exprimentaron nos derradeiros anos. E ¿quén dúbida que administración das nosas Diputazóns e Concellos ven sendo pouco eficaz e moi costosa?. O que suscribe ten escomenzaua a publicazón das liñas xeraes do proyeito de reorgaizazón de servizos que empezara a pōr en práctica por mandado da Diputazón de Pontevedra, e proponse demostrar que, si se levase a cabo, reportaría â citada provinza un benefizo mōr de 400.000 ptas. Lémbra-o sō pra perguntar: ¿cál podería ser o benefizo que por disminuzón do custe da sua administración públ-ca (Rexioal, Comarcal e Parroquial), podería outer Galiza cando—polo menos no aspeito económico-fiscal—se reduxesen a unha as funzóns que agora requiren triplicidade de órgaos, sin perxuizo—craro está—pra autonomía debida as individualidás naturaes xuridicamente recoñecidas? E ise benefizo ¿en cánto se podería aumentar cando —pois xa non asusta a ningún certo grado de sociaizazón—o Banco de Galiza, por medio das suas Sucursaes, Axenzas e Delegazóns, fose recollendo, con evidente benefizo pra todos, menos prō capitaista intermediario, unha serie de servizos que hoxe están en mans particuares?; ¿cál sería, tamén, o grado en que se poderían desgravar os presupostos das futuras individualidás galegas cando as seizóns d-aforro recollesen os moitísimos millóns que hoxe non cumplen a sua funzón social?.

Por todo iso, non findaremos sin apuntar unha primeira conclusión que se non pode ocultar a ninguén: Si os medios de que dispoñamos no lo habian permitir, ¿quen dubida: 1.º de que a concesión da autonomía permitiríalle a Galiza exaltar a súa persoalidade, con un ensino e unha organización social adecuadas, que os alleos non nos poden dar; e 2.º do gran beneficio que isto suporía, tanto pra Galiza mesma como dende o punto de vista da súa aportazón mais eficaz o concerto dos pobos?.

11

Demostrado que Galiza sairía grandemente beneficiada co otorgamento d-un réximen autónomo, vexamos si o Estado no lo pode conceder sin perxuizo das partes interesadas.

Xa dixemos que se non trataba de coñecer as posibilidades d-un Estado independente, nin, por conseguinte, se trata agora de saber os perxuiços que a outro poidera ocasionar a separazón, senón que segue sendo, tamén con referencia ó Estado, unha sempre cuestión fiscal.

Esta parécenos que naprecedente parte do traballo queda resolta, pois, como se viu, os nosos cálculos están feitos sobr-a base de aceptar pro Estado todas as obrigas, incluso as que se declaren a extinguir, non asinalados as Rexións (pois somos os primeiros recoñecer que é de xustiza respectar os dereitos legalmente adquiridos), e de que as Rexións sufraguen aquela parte que aquil non poida cubrir cos ingresos que lle quedan; co que nin pro Estado nin pras demais Rexións hay perxuizo ningún, senón, pol-o contrario, os beneficios, inmediato e mediato, que se deriven, respectivamente, da supresión de órgaos innecesarios e da amortización gradual das obrigas a extinguir; máxime si se ten en conta: que aceptamos pra facer os cálculos un presuposto de gastos recargado con obras extraordinarias, y-entrosques, un d-ingresos amengado; e que as reducións que estimamos son, como queda dito, moito mais pequenas das que se poden facer; especialmente en Mariuecos, colonias, culto, e c.

Parécenos que ninguén podería decir que ó facer a separazón de obrigas e recursos, maxinamos un Estado Federal probe e sometido a limosna das Rexións autónomas.

Y-eu vexo tan craro todo isto, que me parece innecesario engadir ningunha outra razón. Insistirei sômentes en algunhas que moitos parece que ñoran ou non queren ver:

que o réximen de autonomía, tal como a pedimos, non ten, no aspecto económico, mais trascendencia que a d-unha separazón de servizos, con aforo de gastos que repercutirá en ben de cadaun e, pol-o tanto, no de todos;

que, hasta por intinto de conservazón no orden social, o Estado hespañol debía non demorar a concesión da autonomía que as Rexións lle piden; e, derradeiramente,

que Galiza usa d-un dereito moi lexítimo ó pedir gobernarse de seu cando s-está vendo a cada momento que seus tutores a tratan con tanta inxustiza como a que supoñen o actual arancel, a repetida suspensión dos dos seus cativos ferrocarrís, obras de portos e tantas outras cuio importe ten reterpagado; pois si dos cómputos que quedan feitos se excruisen os 888 millóns destinados a deuda pública (empregada en desastres guerreiros i-en obras realizadas casi todas fora de Galiza), non sômentes non teríamos que pagar os 9.400.000 ptas, en números redondos, que se calcularon, senón que o Estado tería de nos facer cesión de outros ingresos por valor de mais de 20 millóns de ptas.

Dimpois da lectura do anterior traballo e do estudo detido do mesmo, entende a Poñenza que, pra algunhos, seguirá sendo discutibre si (por razóns de soberanía ou por as que con respecto a cada particular se poidan alegar) deben ou non ser de momento concedidas a Galiza algunhas das facultás que lle sinalamos; mais que ninguén poderá dubidar das seguintes concrusións, que rubricamos sinceiramente convencidos de non padecer erro:

1.^a Que Galiza pode invocar, ademais do seu dereito como unidade social indiscutibre, o que lle dá saber que ô pedir gobernarse de seu non o fai a costa de ninguén;

2.^a Que non se poderá dubidar que Galiza, autónoma, non tardaría en benefizarse grandemente, valorando, en ven de todos, á sua aportazón o concerto universal dos pobos, afogada hoxe pol-o patrón d-uniformidade a que se nos ten sometidos, a pretexto d-unha unidade nazonal absurda e inxusta, pois non é unidade vountaria de pobos ceives;

3.^a Que a ningunha Rexión hespañola se lle debe negar, con pretextos económicos, o dereito â autonomía, por integral que sexa, sempre que a pida comprometéndose a pagar a cantidade que en xustiza lle corresponda; pois concedéndolla non somentes se lle fai un ben, senón que resultan benefizados, ô mesmo tempo, as demais Rexións: por supresión da pluralidade de órgaos que na actualidade require a tutela do Poder Central.

E a Poñenza daríase por pagada da laboura que acometeu, con entusiasmo e anceios d-acerto, si ela, cos defeitos que ten de ter, axudase a pôr luz no básico probrema da nova estroiturazón hespañola, e contribuíse a que, en ben de todos, foxe xurídicamente recoñecido e resolto o probrema difrenzal da nosa Terra.

Galiza, maio do 1.931

V. Paz-Andrade

A. Bóveda Iglesias

Vicente M. Risco

L. Tobío Fernández

R. Carballo Calero

ANTEPROYEITO DE ESTATUTO DA GALIZA que presentou a Poñenza

TÍDUO I.

Do Estado, territorio e cidadáns da Galiza.

- Art. 1.º A Galiza é un Estado libre dentro da República Federal Española.
- Art. 2.º As linguas oficiais no Estado Galego son, indistintamente, a galega e a castelá.
Non poderán desempeñar na Galiza cargos públicos os que non coñezan a lingua galega.
- Art. 3.º As cores nacionais da Galiza son branco-azul.
- Art. 4.º O territorio da Galiza comprende as antigas catro provincias da Cruña, Lugo, Pontevedra e Ourense.
- Art. 5.º Poderáse agregar ó territorio da Galiza calquera outro colindante, por acordo dos dous tercios dos seus eleitores, aprobado pol-a Asamblea do Estado galego e a legislatura a que estiveres sometido o territorio en cuestión; todo isto co refrendo do Poder federal.
O plebiscito a que se refire o primeiro párrafo d'iste artigo terá lugar por iniciativa do Consello do Estado galego ou da vixésima partes dos eleitores do país que se trata d'anexar.
- Art. 6.º Serán Galegos:
- a) os fillos de galegos nados no territorio do Estado galego.
 - b) os fillos de pai ou nai galegos, inda que nazan fora, sempre qu'isa sexa a súa vontade. Namentral-os fillos sexan menores, enténdese coma vontade súa a do seu representante legal.
 - c) os que non sendo originariamente galegos, gañen viciñanza en calquera lugar da Galiza.
- Art. 7.º Os que non sexan galegos fican suxeitos pol-os bens raíces e dereitos civís que dentro da Galiza lles correspondan ás disposicións vixentes no Estado galego. Respeito ós bens mobles rixe a lei persoal do dono.
As leises e disposicións do Estado galego rexirán a forma dos actos jurídicos realizados dentro do territorio galego que sexan autorizados por autoridades ou funcionarios do Estado galego.
- Art. 8.º Os dereitos fundamentaes dos galegos serán os que se determinen pra todol-os españoles na Constitución do Estado federal español.

TÍDUO II.

Dos poderes do Estado Galego.

- Art. 9.º Os poderes do Estado galego corresponden ô pobo da Galiza.
Estes poderes son exercidos pol-o Corpo eleitoral, a Asamblea e o Consello da Galiza.
- Art. 10. Compoñen o corpo eleitoral todos os galegos, homes e mulleres, que teñan mais de 21 anos, coas excepcións que as leises asinañen.
- Art. 11. O Corpo eleitoral exerce o seu poder:
a) pol-as eleccións.
b) pol-o referendun e a iniciativa popular.
- Art. 12. O sufraxio será igual, directo, segredo e segundo un sistema de representación proporcional.
- Art. 13. A Asamblea do Estado galego estará formada pol-ôs electores galegos, na proporción que determiñe a lei orgánica, atendendo ô número de votantes efectivos.
- Art. 14. Son elixibles pra a Asamblea, como pra as demais corporacións públicas da Galiza, os galegos, homes e mulleres, maiores de 23 anos, que rendan unha función útil pra a colectividade, salvo as excepcións que as leises asinañen.
- Art. 15. A renovación dos membros da Asamblea terá lugar cada catro anos.
- Art. 16. A Asamblea funcionará con continuidade, nos días que determiñe a lei orgánica e coas vacacións que ista mesma a siñale.
- Art. 17. A Asamblea compete legislar sobre das materias atribuídas por iste Estatuto ô Poder galego.
- Art. 18. Os deputados da Asamblea gozarán de inviolabilidade parlamentaria, e non poderán outar, namentras dure o sea mandato, outros cárragos públicos retribuídos que os de membros do Consello.
- Art. 19. Toda lei votada pol-a Asamblea será sometida a referendun si, dentro dos trinta días seguintes â sua votación, pídeno eisí cinco mil electores.
Un proxecto de lei artigoado, presentado â Asamblea coa firma de 10.000 electores, obriga a ista a deliberar sobre il no prazo d'un ano. O acordo someteráse a referendun.
- Art. 20. O Consello da Galiza estará formado pol-os conselleiros nomeados antr'os seus membros pol-a Asamblea, no número que determiñe a correspondente lei orgánica. Cada conselleiro será jefe d'un departamento da Administración galega.
- Art. 21. O Consello desinañará antr'os seus membros o presidente, cuías funcións, como tal, durarán un ano.
O presidente do Consello terá a suprema representación do Poder galego e presidirá as sesións do Consello, dirixindo os debates e tendo voto de calidade en caso de empate.
- Art. 22. Actuará o Consello dende a sua elección deica a primeira sesión da legislatura seguinte a aquela en que foi elixido.

O Consello cesará nas súas funcións automaticamente por un voto de desconfianza aprobado pol-a maioría absoluta dos membros da Asamblea.

- Art. 23. O cargo de conselleiro será retribuído e voluntario.
- Art. 24. Competen o Consello as seguintes atribucións:
- a) executar as lexis votadas na Asamblea.
 - b) dirixir a gestión dos servizos públicos do Estado galego.
 - c) convocar a Asamblea e disolvera cando fine o prazo da súa duración, con arreglo ás lexis.
 - d) actuar nas relacións co Poder federal, coma representante do Poder galego.
- Art. 25. A responsabilidade criminal dos conselleiros por delitos comúns cometidos mentras estean ocupando os seus cargos, ora sexa no exercicio das súas funcións ou fora d'elas, farase efectiva, previa autorización da Asamblea, ant'o mais outro Tribunal de Xustiza do Estado galego.
- Art. 26. Contra as resolucións dos poderes galegos nas materias atribuídas á súa potestade non poderá interporse recurso ante o Poder central.
- Art. 27. Si os poderes galegos invaden os límites das atribucións do Poder federal ou de calquera outro federado, corresponderá o Poder federal declarar a nulidade dos acordos que constituían a estralimitación.
- Art. 28. Contra as resolucións das autoridades galegas que infrinxan as regras que delimitan as súas facultades, e non estean comprendidas no artigo anterior, caberá recurso ant'os tribunais administrativos da Galiza.

TÍTULO III.

Da esfera das atribucións e obrigas do Estado galego.

- Art. 29. Corresponden o Estado galego as seguintes esferas de competencia:
- a) Réxime tributario, agás o imposto d'aduanas. O establecemento das tarifas arancelarias verificarase por acordo ant'os poderes federal e galego.
 - b) Organización local.
 - c) Administración da Xustiza.
 - d) Mando das forzas da policía, cúa organización corre a cargo do Poder Central.
 - e) Débeda pública.
 - f) Política social, sin perjuizo dos compromisos gæraes.
 - g) O ensino en todos os seus grados.
 - h) Camiños de ferro, estradas e tráfico marítimo de interés predominante galego.
 - i) Réxime dos institutos de Banca e Creto.

- j) Dominio público.
 - k) Beneficenza.
 - l) Sanidade.
 - ll) Regramentazón d'espeitagos e xogos.
 - m) Estabelecimentos penitenciarios.
 - n) Lexislazón civil.
- Art. 30. Son obrigas do Estado galego, ademáis das contidas n-outros artigos d'iste Estatuto:
- a) sometérese as normas geraes que dicte o Estado federal drento das suas atribuzóns.
 - b) garantir o traballo a todol-os cidadáns, segundo as suas condizóns e as suas necesidades, con arrego as eisixenzas da xustiza social.
 - c) regular a propiedade rural de xeito que veña a ficar ceibe de toda cárriga pra o que a traballa.
 - d) proporcionar a todol-os cidadans os meios necesarios pra o seu preno desenrolo espritoal.
 - e) protexer total-as manifestazóns da cultura galega.

TÍDUO IV.

Do réxime local.

- Art. 31. A organización local faráse a base de concellos nas vilas e de parroquias e agrupazóns de parroquias no agro.
- A estreiturazón local da Galiza será materia de lei.

TÍDUO V.

Da facenda.

- Art. 32. A Asambreia votará cada ano o presuposto do Estado galego, a proposta do Consello.
- Art. 33. O Estado Galego contribuirá ás carregas da Federazón española coa cantidade que determiñe a lei de presupostos gêraes do Estado español.
- Ista cantidade constituirá a primeira partida de gastos do presuposto do Estado Galego.
- Art. 34. Eisistirá un imposto directo único que gravará as rendas, cun gravámen maor pra as rendas que proveñen do capital que pra as que procedan do traballo, i-eisimindo d'imposto as rendas do traballo menores da cantidade que a lei correspondente determiñe.
- Art. 35. Habera ademáis os impostos indirectos que se establezan con arrego ás leises.
- Art. 36. Sómente se poderá facer apelazón ô creto público por meio d'unha lei.
- As entidades locaes poderán apelar ô creto d'acordo coas leises.

TÍDUO VI.


Da reforma d'iste Estatuto.

- Art. 37. A iniciativa da reforma d'iste Estatuto requerirá as mesmas condicións que a iniciativa d'unha lei ordinaria.
- Art. 38. Pra qu'un proyeito de reforma d'iste Estatuto sexa aprobado, é mester o voto favorable dos tres cartos dos membros da Asambreia e a aceptación pol-o corpo eleitoral, manifesta en referendum.

TÍDUO VII.

Disposicións transitorias.

- Art. 39. O entrare en vixenza iste Estatuto, considéranse galegos todol-os que vivan na Galiza sexan fillos de pai ou nai nados na Galiza, e os que vivindo na Galiza e non sendo fillos de galegos, manifesten que atal é o seu desexo.
- Os fillos de galegos nados fora da Galiza considéranse tamén galegos si eisí o solicitan.
- Art. 40. Os funcionarios que, ò tempo de entrar en vixenza iste Estatuto, exerzan as suas funcións na Galiza, conservarán os seus cárgos axeitados o nova estroiturazón administrativa, sempre que sexan galegos, segundo o art. 39, e reúnan os demais requisitos que se esixen.
- Art. 41. Determinarásese mediante convenio antre o Estado español e o Estado galego a parte que a iste debe corresponder da actual débeda pública do Estado español.





Iste traballo rematouse de imprimir na Casa Antúnez, de Pontevedra, o día 11 de Sant-Iago do 1.931, a costa do Seminario de Estudos Galegos.

Por desexo dos autores, sacrificouse a beleza tipográfica en ben da claridade da exposición.

REAL ACADEMIA
GALEGA

F 17031